



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Convocatoria bases subvencións asociacións 2025

Aos efectos de xeral coñecemento publícanse as bases e convocatoria de **subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do Concello de Cariño ano 2025 (Expdte 2025/A002/000001)**, aprobadas por Decreto Alcaldía de data 17/10/2025:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS PARA ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO DO CONCELLO DE CARIÑO ANO 2025 (EXPDTE 2025/A002/000001)

1.-OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1.-O obxecto das subvencións reguladas nas presentes Bases consiste no establecemento de medidas que fomenten a participación cidadá en distintas actividades de carácter educativo, deportivo, cultural e outras de utilidade pública, tal e como se indica a continuación, dentro do termo municipal de Cariño.

Estas Bases teñen así mesmo, como obxecto, a regulación do procedemento de concesión de tales subvencións en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.2.-Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local; co disposto no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento, na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño e nas Bases de Execución do orzamento do presente exercicio.

1.3.-Non son obxecto das presentes bases as axudas e subvencións que teñen asignación nominativa no Orzamento.

2.-CRÉDITO ORZAMENTARIO

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000, cun importe global de 18.000€

En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria de referencia, no momento en que se dite a resolución da concesión.

O período subvencionable será: do 01/11/2024 ao 31/10/2025.

3.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

3.1.- O Concello de Cariño convoca concurso para a concesión de subvencións para a realización das actividades seguintes:

- Promoción e cooperación cultural nos seus distintos ámbitos.
- Promoción e cooperación no deporte e nas actividades de lecer.
- En xeral, as que perseguen un interese social ou son de utilidade pública.

4.-BENEFICIARIOS.

4.1.-Terá a consideración de beneficiario da subvención o destinatario dos fondos públicos, que debe realizar a actividade que fundamentou o seu otorgamento ou que se atope na situación que lexitime a súa concesión.

4.2.-Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención, en nome e por conta do primeiro, terán igualmente a condición de beneficiarios.

4.3.-Poderán solicitar a subvención as asociacións e entidades validamente constituídas sen fin de lucro, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cariño e realicen actividades de interese municipal. As entidades deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal de Cariño.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello.

d) As asociacións deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cariño, ou polo menos ter feita a solicitude para a súa inclusión neste Rexistro en data anterior á solicitude da subvención. Non obstante, para resultar beneficiaria, será requisito imprescindible que no momento da concesión da subvención, a asociación xa estea debidamente inscrita no Rexistro.

e) No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra administración correspondente ó exercicio económico do 2024/2025, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.

f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e cumprir os demais requisitos establecidos na Lei Xeral de Subvencións.

4.4.-En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as do artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

5.-PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

5.1.-As subvencións poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia.

5.2.-As solicitudes formularanse no impreso oficial que figura no Anexo I, que debe presentarse debidamente cuberto dentro do prazo fixado, no Rexistro Xeral da Sede Electrónica do Concello de Cariño (<https://sede.concellodecarino.gal/opencms/gl/index.html>). Xunto coa solicitude achegarse a seguinte documentación:

- a) Solicitude de subvención segundo o Anexo I.
- b) Documento acreditativo da representación coa que actúe o solicitante, no seu caso.
- c) Identificación do DNI / NIF do/a representante legal da entidade.
- d) Código de identificación fiscal (CIF) da entidade.
- d) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- e) Estatutos vixentes polos que se rexe a entidade solicitante.
- f) Memoria da/s actividade/es ou investimento/s obxecto da solicitude de subvención, que se van desenvolver ou xa se desenvolveron no período subvencionable, segundo o Anexo II (Se se desexa, pode ampliarse achegando información complementaria) .
- g) Orzamento de ingresos e gastos con expresión do financiamento previsto, segundo o Anexo III.
- h) Certificación relativa das subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade/investimento, segundo o Anexo IV.
- i) Declaración, en caso de que proceda, de que a documentación xenérica relativa á entidade, xa consta no Concello de Cariño, e non sufriu modificación ou transcorreu o seu prazo de validez (5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda), segundo modelo Anexo VI. Neste caso non é obrigatorio aportar a documentación que xa conste no Concello.
- j) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria), ou autorización expresa ao concello para solicitalas. (Anexo VA, VB e VC). Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

Se a solicitude non reunise todos os datos de identificación da entidade solicitante ou de documentación administrativa obxecto da subvención solicitada, ou non se acompañase á mesma toda a documentación esixida nestas bases, requirirase á entidade solicitante para que repare a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de cinco (5) días hábiles, con apercibimento de que, se non o fixese, terase por desistida a súa petición, previa resolución (art. 68.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.).

6.-PROCEDEMENTO DE INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DAS AXUDAS

6.1.-O procedemento de concesión da subvención recollida nestas bases axustarase o disposto no art. 19.1 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, establecerase unha prelación das mesmas dacordo cos criterios establecidos nas presentes bases. As subvencións serán adxudicadas seguindo este orde ata o esgotamento do crédito orzamentario.

6.2-A instrución do procedemento realizaraa un técnico do Concello de Cariño.

6.3-Recibida a solicitude se non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, o órgano instrutor do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirá a persoa solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de cinco días, enmende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, considerárase desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

6.4-De acordo co previsto no artigo 22 da Lei 09/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, o órgano instrutor verificará a concorrencia dos requisitos requiridos nesta convocatoria para conceder as subvencións; para tal efecto realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución. Unha vez avaliadas e informadas as solicitudes o órgano instrutor elaborará a proposta de concesión das subvencións, que será elevada a ditame da Comisión de Valoración formada polo Alcalde-Presidente, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente, o secretario/a, o interventor/a, e un administrativo do Concello de Cariño, previa proposta do instrutor do procedemento. Do resultado da reunión ou reunións mantidas pola Comisión de Valoración redactarase a acta polo secretario/a, e elaborárase proposta definitiva de concesión de subvención, ou no seu caso, de denegación ou exclusión das mesmas.

6.5-En calquera momento do procedemento poderá instarse á persoa ou entidade solicitante para que cumprimente calquera requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedéndose para ese efecto un prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte aos da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, poderáselle declarar decaído no seu dereito ao devandito trámite; con todo, admitirase actuación do interesado e producirá efectos legais, de producirse antes ou dentro do día en que se notifique a resolución na que se teña transcorrido o prazo.

6.6-A proposta definitiva da Comisión de Valoración remitirase ao órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións no prazo máximo de 15 días desde o último día de prazo de presentación de solicitudes no Rexistro Xeral Electrónico do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de 15 días sen que o órgano competente dite resolución expresa, entenderase desestimada a petición de axuda por silencio administrativo. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do órgano competente, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa e notificarase aos solicitantes no prazo de cinco días desde que se dite, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e dos artigos 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentadora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderá formularse recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da notificación do mesmo, perante o órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.7.-As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación do outorgamento da subvención a comunicarlle ao Concello de Cariño a aceptación ou renuncia, por escrito, das axudas; transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

7.-PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

7.1.-Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes das axudas serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as anteditas axudas, e serán tratados para os exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Cariño.

7.2-Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos, que os mesmos están subvencionados polo Concello de Cariño, tendo que presentar acreditación desta publicidade no momento da xustificación. Se non se acredita esta publicidade nunha actividade, perderá o dereito de percibir a subvención correspondente a esta.

8.-CRITERIOS PARA O OUTORGAMENTO.

8.1.-Os criterios para o outorgamento das subvencións serán os seguintes:

a) Colaboración co Concello no desenvolvemento da súa actividade cultural, social, deportiva e de lecer. Ata 20 puntos:

-Non colabora: 0 puntos

-1 actividade: 10 puntos.

- 2 ou máis actividades: 20 puntos.
- b) Continuidade no tempo das actividades subvencionadas, ou período útil do investimento. Ata 10 puntos:
 - Anualidade 2024: 5 puntos.
 - Máis dunha anualidade: 10 puntos.
- c) Colaboración con outras asociacións na realización das actividades. Ata 20 puntos:
 - Non colabora: 0 puntos
 - 1 actividade: 10 puntos.
 - 2 ou máis actividades: 20 puntos.
- d) Actividades dirixidas a persoas maiores ou en perigo de exclusión: 10 puntos
- e) Contribución a normalización dos usos oral ou escrito da lingua galega: 10 puntos
- f) Accións dirixidas a promover a participación da xuventude na vida social: 10 puntos
- h) Accións de recuperación patrimonial (etnográfica, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial, etc.) : 10 puntos.

9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas dos beneficiarios da subvención:

1. Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
2. Realizar a actividade que fundamentou a concesión da axuda e acreditar a súa realización, de acordo cos requisitos e condicións impostas na concesión, en particular, observando o disposto na Base 12.
3. Comunicar ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, xa sexa público ou privado. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos públicos.
4. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Cariño, así como calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Facilitar canta información lle sexa requirida polo Concello.
6. Acreditar previamente ao cobro que ten cumpridas as obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. No caso de non ter cumpridas as obrigas tributarias municipais, poderán ser obxecto de compensación coa subvención concedida.
7. Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos, que os mesmos están subvencionados polo Concello de Cariño, tendo que presentar acreditación desta publicidade no momento da xustificación. Se non se acredita esta publicidade nunha actividade, perderá o dereito de percibir a subvención correspondente a esta actividade.
8. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o exercicio de comprobación e control.
9. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.
10. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
11. En xeral, cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 17 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.-PATROCINIO.

As entidades beneficiarias das subvencións adquiren o compromiso de establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis, fotografías e demais material publicitario que se edite con motivo do programa, investimento ou actividades subvencionadas polo Concello de Cariño, cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Deberán estar sempre en lingua galega, segundo a lexislación vixente.
- b) Deberán conter o logotipo do Concello de Cariño e o do Proxecto de Xeoparque de Cabo Ortegal, que se lles serán aportados polo Concello.

11.-CONSIDERACIÓNS XERAIS.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial. En ningún caso o importe da subvención solicitada poderá superar o 80% dos gastos.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

12.-PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

12.1.-Con carácter xeral, o pagamento realizarase mediante un pagamento único logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para isto deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto.

13.-XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As entidades están obrigadas a xustificar a axuda pola cantidade do importe da subvención concedida. O importe máximo da axuda será de 1500 €.

13.1.- A xustificación da realización da actividade subvencionada e da correcta aplicación dos fondos percibidos farase mediante a presentación no Rexistro Xeral Electrónico do Concello de Cariño, no prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a notificación do acordo de concesión, da seguinte documentación.

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. No caso de obtención doutras axudas, deberá presentarse copia da resolución ou acordo da concesión.
3. Un exemplar de todos os materiais elaborados, carteis, fotografías e demais material publicitario nos termos establecidos nas presentes bases.
4. A xustificación dos gastos realizarase coa seguinte documentación:

- Relación detallada de xustificantes de gasto (Anexo IX), acompañado da seguinte documentación:

1. Para os gastos en bens e servizos: facturas correspondentes ou documentos substitutivos das mesmas, que cumpran os requisitos regulamentarios do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.
2. Para os gastos de persoal: nóminas ou TC correspondentes.
3. Para os gastos en investimento: facturas correspondentes ou documentos substitutivos das mesmas, que cumpran os requisitos regulamentarios do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Todos estes documentos xustificativos deberán estar datados e referirse aos períodos subvencionables, así como axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicialmente presentado, xunto coa solicitude.

13.2. A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios corresponderá ao órgano competente, previo informe de Intervención.

14.-GASTOS SUBVENCIONABLES.

14.1.- Son gastos subvencionables nesta convocatoria: os gastos correntes derivados da adquisición de bens e servizos, así como os gastos de investimento. En ámbolos dous casos ditos gastos deberán estar relacionados coas actividades e funcionamento propio da asociación.

14.2.-En ningún caso o importe das axudas recibidas (tanto do Concello coma doutra administración) para a actividade subvencionada para esta convocatoria poderá ser superior ao seu custo.

15.-REINTEGRO.

15.1.-As causas do reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da mesma, son as seguintes:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedirían.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo ou da actividade, ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

- Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente.
- Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro realizadas polo Concello, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de levar a cabo as actuacións de comprobación por este Concello.
- Obtención de exceso de subvención sobre o custo da actividade desenvolvida, xunto co resto de subvencións concedidas á entidade.

15.2.- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público.

15.3.- En canto ao réxime de responsabilidade do reintegro aplicaranse as normas establecidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

16.-RÉXIME SANCIONADOR.

16.1. En canto ao réxime sancionador, este Concello aplicará o disposto no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.2. As sancións por infraccións graduaranse atendendo a:

- a) A boa ou mala fe dos suxeitos.
- b) A comisión repetida de infraccións en materia e subvencións e axudas.
- c) A resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora do Concello ou ás actuacións de control financeiro da Intervención Municipal.
- d) En calquer caso atenderase aos criterios de graduación da Lei Xeral de Subvencións.

17.-DISPOSICIÓN FINAL.

No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Ordenanza Municipal reguladora de Subvencións (BOP 86, de 8 de maio de 2018).

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Denominación ou razón social: CIF: Domicilio social: Localidade: Provincia: Cód. Postal: Tífono: Fax: Correo-e: Dirección WEB:
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Nome e apelidos: DNI/NIF: En calidade de: Tif. Móbil:
DATOS DA PERSONA DE CONTACTO PARA TRÁMITES ADMINISTRATIVOS (1):
Nome e apelidos: DNI/NIF: En calidade de: Tif. Móbil: (¹) Cumprimentar só en caso de que a persoa de contacto sexa distinta do/a representante legal anterior.

(De conformidade co establecido na LPD infórmase de que os datos declarados neste formulario de solicitude e os seus anexos pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable de tratamento é o Concello da Cariño e cuxa finalidade e uso previstos serán os seguintes: realizar a automatización do Procedemento Administrativo Común. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Cariño (Avenida da Paz Nº2), nos termos establecidos na LPD

Convocatoria de referencia: Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025	Publicada en Boletín oficial da Provincia: Número: Data:
--	--

SOLICITA:

Que sexa admitida a trámite a solicitude de subvención para as actividade/s, proxecto/s e/ou investimento/s cuxa denominación e importes indícanse a continuación:

Actividade/s, Proxecto/s e/ou Inversión/s:	
Importe Orzamento: €	Importe solicitado: €

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA a esta solicitude:

Toda a documentación reseñada neste apartado ten carácter OBRIGATORIO.

A) DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA en relación coas ACTIVIDADES/PROXECTOS/INVERSIONES:

-Memoria da/s actividade/s, proxecto/s ou investimento/s obxecto da solicitude de subvención, que se van a desenvolver no período subvencionable segundo as bases, segundo o modelo Anexo II (Se se desexa, pode ampliarse achegando información complementaria) .

-Orzamento de ingresos e gastos con expresión do financiamento previsto, segundo o modelo Anexo III.

-Certificación relativa ás subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade/investimento, segundo modelo Anexo IV.

B) DOCUMENTACIÓN XENÉRICA en relación coa ENTIDADE:

-Documento acreditativo da representación coa que actúe o solicitante, no seu caso.

-Identificación do DNI / NIF do/a representante legal da entidade

-Código de identificación fiscal (CIF) da entidade.

-Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

-Estatutos vixentes polos que se rexe a entidade solicitante.

-Declaración responsable, en caso de que proceda, de que a documentación xenérica relativa á entidade, xa consta no Concello de Cariño, e non sufriu modificación ou transcorreu o seu prazo de validez (5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda), segundo modelo Anexo VI.

-Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) , ou autorización expresa ao concello para solicitar ditos certificados segundo os modelos Anexo VA, VB E VC. Comprobarase de oficio que o solicitante se atope ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

Así mesmo, **DECLARA** baixo a súa responsabilidade:[1](#)

-Que non está incurso/a en ningunha das prohibicións que para ser beneficiario se establecen no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cariño.

-Que non está incurso en ningunha das causas do artigo 10.2 da Lei 39/20015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

ANEXO II

MEMORIA DESCRIPTIVA DA/S ACTIVIDADES, PROXECTOS, INVESTIMENTO/S

Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025

Entidade:

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Denominación ou razón social: CIF: Domicilio social: Localidade: Provincia: Cód. Postal: Tífono: Fax: Correo-electrónico: Dirección WEB:
DATOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Nome e apelidos: DNI/NIF: En calidade de : Tífo. Móbil:
ACTIVIDADE/S, PROXECTO/S INVESTIMENTO/S:
1. DENOMINACIÓN / TÍTULO:
2.COLECTIVO/ SECTOR / POBOACIÓN DESTINATARIA:
3. FINALIDADE, OBOECTIVOS DAS ACTIVIDADE/S, PROXECTO/S E/OU INVESTIMENTO/S:
4. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE/S, PROXECTO/S e/ ou INVESTIMENTOS:
5. LOCAL/ES E LUGAR/ES DE REALIZACIÓN (espazo/s no/s que se vai levar a cabo): Tipo de local/es e dirección: Lugar/es: .
6. DURACIÓN E DATA/S DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE/S E/OU INVESTIMENTO/S, CONTINUIDADE NO TEMPO OU PERÍODO ÚTIL DO INVESTIMENTO:
7. INVESTIMENTO/S E/OU ACTIVIDADE/S NOVAS OU REALIZADAS EN ANOS ANTERIORES: (Marcar cun [X]) · NOVA/S · REALIZADA/S EN ANOS ANTERIORES (Indicar os anos):

8.Nº PERSOAS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE:
9. RECURSOS HUMANOS REQUERIDOS PARA A ACTIVIDADE/S E/OU INVESTIMENTO/S (entendido como número de persoas implicadas na súa preparación e desenvolvemento): · MONITOR/A ou equivalente, . · VOLUNTARIA/O, en calidade de _____ · PERSOAL DA ENTIDADE, en calidade de _____ · OUTROS: _____

10. MEDIOS MATERIAIS QUE SE VAN UTILIZAR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO:

Incluiranse neste apartado as actuacións de patrocinio que aseguren o cumprimento do establecido na Base 11 da convocatoria.

11. CONTRIBUCIÓN A NORMALIZACIÓN DOS USOS ORAL OU ESCRITO DA LINGUA GALEGA (as actividades ou investimentos están dirixidos, contribúen ou favorecen o uso oral ou escrito da lingua galega, e como):**12. COLABORACIÓN DA ASOCIACIÓN CO CONCELLO NO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE CULTURAL, SOCIAL, DEPORTIVA E DE LECER** (como colaboran, en que colaboran):**13. COLABORACIÓN DA ASOCIACIÓN CON OUTRAS ASOCIACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES**
(como colaboran, en que colaboran):**14. AS ACTIVIDADES VAN DIRIXIDAS A PERSOAS MAIORES OU EN PERIGO DE EXCLUSIÓN** (de que xeito van dirixidas a estes colectivos):**15. ACTIVIDADES DIRIXIDAS A PROMOVER A PARTICIPACIÓN DA XUVENTUDE NA VIDA SOCIAL E/OU DEPORTIVA** (como que xeito van dirixidas a participación da xuventude)**16. ACCIÓNS DE RECUPERACIÓN PATRIMONIAL (ETNOGRÁFICA, MUSICAL, TRADICIÓN ORAL, RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL, ETC)** (de que maneira van dirixidas a recuperación patrimonial)**DECLARA:**

Que a entidade/agrupación solicitante conta coas autorizacións ou acreditacións requiridas legalmente para a prestación do servizo e/ou programa, ou a realización da actividade ou actuación, á que se refire esta memoria.

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

ANEXO III

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PREVISTOS DA ACTIVIDADE / INVERSIÓN

Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025

Entidade:

Actividade:

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PREVISTOS DA ACTIVIDADE

Ingresos	Importe en euros	Gastos [Detallar o máis posible]	Importe en euros
Cotas propias da actividade: Matrícula: Mensualidades:		1.Persoal:	[]
Subvencións destinadas á actividade: (obtidas ou en trámite, salvo a solicitada ao Concello) · Deputación Provincial da Coruña: · Xunta de Galicia: · Outras:		2.Gastos de profesionais:	[]
Outros ingresos (entradas, rifas, venda de merchandising...):		3.Materiais e outros gastos xerais SI imputables directamente á actividade/s ou inversión/s:	[]
Achega propia:		4.Outros gastos xerais NON imputables á subvención:	[]
(A) TOTAL INGRESOS :		(B) TOTAL GASTOS :	

DÉFICIT DA ACTIVIDADE (B) – (A): (1) [0] €. (1) [] Indicar a contía resultante da diferenza entre o total de Gastos e o total de Ingresos.

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./Dª:

DNI/NIF:

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

Don/Dona , con DNI..... , representante da entidade , con CIF/NIF, , solicitante dunha subvención ao abeiro da convocatoria, para o ano 2025, de subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

DECLARO:

- ☐ Non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade.
- ☐ Ter solicitada e /ou concedida algunha subvención, de administración ou entidades públicas, para a mesma finalidade:

Concepto axuda solicitada	importe	Administración ou entidade pública	Orde reguladora
Concepto axuda solicitada	importe	Administración ou entidade pública	Orde reguladora

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./Dª:

DNI/NIF:

ANEXO V A**AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA RECABAR DATOS DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL RELATIVOS Á SITUACIÓN DE DÉBEDA**

Don/Dona, con DNI....., en representación decon CIF/NIF,....., en relación coas Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

AUTORIZO ao Concello de Cariño a solicitar e recibir da Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos relativos á situación de débeda coa Seguridade Social referentes:

☐ Á entidade que represento

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

ANEXO V B**AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

A persoa que asina este documento **autoriza ao Concello de Cariño** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias da entidade a que representa para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro das Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación ao disposto no artigo 95.1k) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

Don/Dona, con DNI....., en representación decon CIF/NIF,....., en relación coas Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

ANEXO V C**AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

A persoa que asina este documento **autoriza ao CONCELLO DE CARIÑO** a solicitar da Consellería de Facenda os datos relativos á situación de débeda coa Seguridade Social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención e/o axuda ao abeiro das Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación ao disposto no artigo 95.1k) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións.

Don/Dona, con DNI....., en representación decon CIF/NIF,....., en relación coas Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./D^a:

DNI/NIF:

ANEXO VI

DECLARACION DE DOCUMENTACIÓN XA ENTREGADA PREVIAMENTE NO CONCELLO DA CARIÑO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Denominación ou razón social:
CIF: Domicilio social:
Localidade: Provincia: Cód. Postal:
DATOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Nome e apelidos: DNI/NIF:
En calidade de:

En relación coa convocatoria específica para a concesión de **Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025**.

DECLARA:

Que a seguinte documentación relativa á entidade arriba indicada xa foi entregada previamente no Concello de Cariño.

[Marcar cun [X] as casillas oportunas]

- Estatutos vixentes polos que se rexe a entidade.
- Documento acreditativo da representación coa que actúe o solicitante, no seu caso.
- Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante con indicación da conta en formato IBAN.
- Código de identificación fiscal (CIF).
- DNI do/a representante legal da entidade solicitante.

Xa constan no Concello da Cariño presentados en data e no órgano ou dependencia en que foron presentados ou emitidos, que se indican a continuación, e non sufriron modificación ou transcorrido o seu prazo de validez (5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda).

Documento	Data de presentación ou emisión	Órgano ou Dependencia Municipal de presentación ou emisión
Estatutos:		
Certificación de cargos representativos:		
Certificación datos bancarios (IBAN):		
CIF da entidade:		
DNI do/a Representante legal:		

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./Dª:

DNI/NIF:

ANEXO VII

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Denominación ou razón social: CIF: Domicilio social: Localidade: Cariño Provincia: A Coruña Cód. Postal: Tífono: Fax: Correo-electrónico: Dirección WEB:
DATOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE:
Nome e apelidos: DNI/NIF: En calidade de:
DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PARA TRÁMITES ADMINISTRATIVOS (1):
Nome e apelidos: DNI/NIF: En calidade de: Tífo. Móbil:
(1) Cumprimentar só en caso de que a persoa de contacto sexa distinta do/da representante legal anterior.

En relación coa convocatoria específica para a concesión de Subvencións e axudas para entidades sen fin de lucro do concello de Cariño 2025.

ACHEGA a DOCUMENTACIÓN esixida nas Bases reguladoras da convocatoria de subvencións, a efectos da xustificación da subvención concedida neste Exercizo 2025 para a actividade/investimento que se indica a continuación:

DATOS DA ACTIVIDADE / INVESTIMENTO SUBVENCIONADA/O:		
Denominación ou identificación da actividade / investimento:		
PERÍODO E/OU DATAS DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE / investimento:		
Período:		
Datas:		
IMPORTE CONCEDIDO:	IMPORTE TOTAL ORZAMENTADO:	TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS :

-Relación da documentación xustificativa que se presenta anexa a este escrito:

Deberase marcar cun [X] a documentación que se achegue.

-ANEXO VII – Solicitud de xustificación da subvención concedida.

-ANEXO VIII – Memoria explicativa da actividade / investimento realizado.

-ANEXO IIII-Certificación relativa ás subvenciones solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actividade/investimento.

-Un exemplar de todos os materiais elaborados, carteis, fotografías e demais material publicitario nos termos establecidos nas presentes bases.

-ANEXO IX-Relación detallada de xustificantes de gasto, acompañado da seguinte documentación:

-Para os gastos en bens e servizos: facturas correspondentes ou documentos substitutivos das mesmas, que cumpran os requisitos regulamentarios do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

-Para os gastos de persoal: nóminas ou TC correspondentes.

-Para os gastos en investimentos: facturas correspondentes ou documentos substitutivos das mesmas, que cumpran os requisitos regulamentarios do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación

SOLICITA o ingreso do importe que proceda da subvención concedida na conta da entidade que se indica a continuación:

Nº conta bancaria en formato IBAN (2):

(2) O número de conta bancaria en formato IBAN deberá acreditarse mediante certificado orixinal expedido pola entidade bancaria. Se non consta no órgano instructor, esta certificación deberá achegarse.

XUSTIFICACIÓN DAS DESVIACIÓNS DO BALANCE CON RESPECTO AO ORZAMENTO INICIAL
Indicar os motivos que a fundamentan (Só cubrir se procede):
IMPORTE DA DESVIACIÓN DE GASTOS:
XUSTIFICACIÓN DA DESVIACIÓN DE GASTOS:
IMPORTE DA DESVIACIÓN DE INGRESOS: €.
XUSTIFICACIÓN DA DESVIACIÓN DE INGRESOS:

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./Dª:

DNI/NIF:

ANEXO VIII

MEMORIA DA ACTIVIDADE/investimento REALIZADO

Entidade:....., **con CIF:**.....

Actividade / investimento realizado:	
Datas en que se realizou:	Horario e lugar de realización:
Resumen da actividade / investimento : (Se se considera oportuno, pódese achegar información e/ou documentación complementaria)	
Persoas beneficiarias da actividade (nº de persoas, a que colectivo/s pertencen):	
Medios e recursos utilizados (persoais e materiais): (Se se considera oportuno, pódese achegar información e/ou documentación complementaria)	
Obxectivos acadados:	
Avaliación da actividade/ investimento: (Se se considera oportuno, pódese achegar información e/ou documentación complementaria)	

Cariño, de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./Dª:

DNI/NIF:

ANEXO IX GASTOS

RELACIÓN DETALLADA DE XUSTIFICANTES DE GASTOS (*)

Entidade:CIF:

Actividade: _____

1.- GASTOS DE PERSOAL

Nº XUST.	TRABALLADOR/A (RELACIONADO POR MESES)	DNI/NIF	DATA NÓMINA	SALARIO LÍQUIDO (A)	RETENCIÓN IRPF (B)	SEG. SOC. TRABA. (C)	SEG.S.CARGO EMPRESA (D)	TOTAL (A+B+C+D)	% IMP. ACTIV.	€ IMPUTADO ACTIVIDADE	DATA PAGO SALARIO	DATA PAGO SEG. SOC. (1)	CONCEPTO DESGLOSADO
TOTAL GASTOS DE PERSOAL (1) :											-		

Certifícase: Que o importe das cotas aboadas á Seguridade Social na/s data/s que se indica (1) e corresponden ao persoal adscrito á actividade subvencionada, é o que consta no desglose indicado arriba. Que nas datas que se indican a continuación se abonaron as retencións do IRPF á Axencia Tributaria (AEAT):

1º Trimestre [] 2º Trimestre [] 3º Trimestre [] 4º Trimestre []

2.- GASTOS DE PROFESIONAIS

Nº XUST.	ACREDOR/A	CIF/NIF	NÚMERO FACTURA	DATA EMISIÓN FRA.	BASE IMPO- ÑIBLE (A)	RETENC. IRPF(B)	COTA IVA (C)	TOTAL (A+C)	% IMP. ACTIV.	€ IMPUTADO ACTIVIDADE	DATA PAGO FACTURA	CONCEPTO DESGLOSADO
TOTAL GASTOS DE PROFESIONAIS (2) :												

3.- MATERIAIS E OUTROS GASTOS XERAIS IMPUTABLES DIRECTAMENTE Á ACTIVIDADE

Nº XUST.	ACREDOR/A	CIF/NIF	NÚMERO FACTURA	DATA EMISIÓN FRA.	BASE IMPO-ÑIBLE (A)	-	COTA IVA (C)	TOTAL (A+C)	% IMP. ACTIV.	€ IMPUTADO ACTIVIDADE	DATA PAGO FACTURA	CONCEPTO DESGLOSADO
						-						
						-						
						-						
						-						
						-						
						-						
						-						
						-						
TOTAL GASTOS DE MATERIAIS E OUTROS GASTOS XERAIS IMPUTABLES DIRECTAMENTE Á ACTIVIDADE (3) :											-	

4.- OUTROS GASTOS XERAIS NON IMPUTABLES DIRECTAMENTE Á ACTIVIDADE

Nº. XUST.	ACREDOR/A	CIF/NIF	NÚMERO FACTURA	DATA EMISIÓN FRA.	BASE IMPO-ÑIBLE (A)	-	COTA IVA (C)	TOTAL (A+C)	% IMP. ACTIV.	€ IMPUTADO ACTIVIDADE	DATA PAGO FACTURA	CONCEPTO DESGLOSADO
						-						
						-						
						-						
						-						
						-						
TOTAL OUTROS GASTOS XERAIS NON IMPUTABLES DIRECTAMENTE Á ACTIVIDADE (4) :											-	
Este importe total así como os parciais (1), (2), (3) y (4) teñen que coincidir co Balance de Gastos e coa suma dos xustificantes de gastos presentados.							TOTAL GASTOS (1+2+3+4):			€ -		

NOTA: Deberán achegarse os orixinais ou copias compulsadas de todas as facturas, nóminas, modelos TC1 e TC2 da Seguridade Social, incluídos nesta relación. Así mesmo deberá quedar acreditado o pago de todas as facturas e/ou documentos. Todos os gastos foron aboados mediante transferencia ou domiciliación en conta bancaria da entidade (engadírase “contado” baixo a data de pago de ser o caso), no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga consta que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Cariño.

Cariño de de 2025

Sinatura do/a representante:

Asdo. D./Dª:

DNI/NIF:

Cariño, 17 de outubro de 2025

A Alcaldesa

Asdo. Ana Mª López Fernández

2025/6851